



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

*Caducidade parcial da Oferta de Emprego Público de Estabilización (OEPE) do ano 2022 respecto da praza vacante denominada: técnico de deportes e desistencia do proceso selectivo correspondente*

Esta Alcaldía ditou o 17 de abril de 2026 o Decreto núm.648, que a continuación se transcribe na súa parte dispositiva:

“Primeiro. Declarar a caducidade parcial da oferta de emprego público de estabilización (OEPE) do ano 2022 (BOP núm.100, 27-5-2022), respecto da praza vacante de persoal funcionario, integrada na escala de Administración Especial Subescala, Técnica (grupo B de clasificación) denominada: técnico de deportes, ao terse superado o prazo de 3 anos para o seu desenvolvemento e execución íntegra consonte á normativa e xurisprudencia de aplicación.

Segundo. Desistir do desenvolvemento do proceso selectivo (2ª convocatoria) correspondente á dita praza convocado pola resolución da alcaldía núm. 2369/2024, do 30 de decembro (BOP núm.251, do 30-12-2024).

Terceiro.: Iniciar expediente para a devolución das taxas polo dereitos de exame aboadas polas persoas que presentaron instancia de participación nos procesos selectivos convocados para as prazas ofertadas. As persoas interesadas que aboaran no seu momento a taxa establecida deberán achegar certificación da conta bancaria onde manifesten que queren recibir a devolución si así procede.

Cuarto. Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia”.

---

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 22 de abril de 2026

O alcalde

Oscar Benito Portela Fernández